

NORMATIVA DE CONCESIÓN DO PREMIO EXTRAORDINARIO DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PREÁMBULO

No artigo 47 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aprobado polo Consello de Goberno de 8 de setembro de 2020 (DOG núm. 188, do 16 de setembro de 2020) establécese que, entre as funcións da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS), está a de regular o procedemento de concesión dos premios extraordinarios de doutoramento, así como a de efectuar a súa convocatoria anual.

Deste xeito, co fin de harmonizar a valoración e recoñecemento das teses doutorais en termos da súa calidade científica, e tendo en consideración o disposto no Regulamento de Estudos de Doutoramento e nos seus procedementos derivados, o Comité de Dirección da EDIUS aproba, con data de 05/07/2022, a seguinte Normativa de Concesión do Premio Extraordinario de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 1. Obxecto.

A presente normativa ten por obxecto determinar o procedemento e os criterios que rexan a concesión de premios extraordinarios ás teses de doutoramento máis sobresáintes que se defendan na USC cada curso académico.

Artigo 2. Requisitos.

1.- A USC poderá outorgar cada curso académico, a instancia dos seus autores, premios extraordinarios de doutoramento ás teses de maior calidade científica entre as defendidas no curso académico anterior ao da convocatoria.

2.- A EDIUS convocará cada curso académico a concesión destes premios extraordinarios de doutoramento.

3.- Para que unha tese poida optar ao premio extraordinario será necesario que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que se defendera na USC dentro dos prazos establecidos en cada convocatoria.
- b) Que na defensa obtivese a mención *cum laude*.
- c) A suma das puntuacións emitidas polos membros do tribunal na súa valoración da tese de doutoramento para os premios extraordinarios sexa igual ou superior a 12 puntos.

Artigo 3. Organización dos programas de doutoramento.

1.- Para a avaliación competitiva das teses a efectos da obtención dos premios extraordinarios, os programas de doutoramento clasifícanse en catro grandes áreas de coñecemento: Ciencias Experimentais e Enxeñaría, Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas e Ciencias da Saúde, coa subdivisión destas áreas en *subáreas* temáticas. Unha tese quedará adscrita de xeito automático á grande área e *subárea* temática á que pertenza o programa de doutoramento no que se defendeu.

2.- Os programas de doutoramento adscribíranse ás grandes áreas de coñecemento e conseguíntes *subáreas* temáticas por razóns de afinidade, xa que presentan mecanismos homoxéneos de avaliación da calidade das teses de doutoramento e dos seus resultados de investigación en termos de indexación de publicacións e de baremación doutros méritos.

3.- A adscrición dos programas de doutoramento en cada unha das grandes áreas nas que se clasifican os estudos de doutoramento na USC será a establecida no **Anexo I** desta normativa.

4.- A división das grandes áreas de coñecemento en *subáreas* e a adscrición dos programas de doutoramento e, polo tanto, das teses defendidas en cada unha delas será a establecida nos **Anexos II e**

III desta normativa, respectivamente. Cando a USC aprobe novos programas de doutoramento, a súa adscrición á grande área e *subárea* correspondente será aprobada polo Comité de Dirección da EDIUS, e anexada a esta normativa con vistas á súa consolidación.

5.- Excepcionalmente, o/a candidato/a ao premio extraordinario poderá solicitar á EDIUS adscribir a súa tese de doutoramento a unha grande área e/ou *subárea* distinta, para o que deberá presentar un escrito razoado co visto bó do/s/ director/es da tese no momento da solicitude de depósito da súa tese. Esta solicitude deberá contar coa aprobación da Comisión Executiva da EDIUS.

Artigo 4. Número de premios extraordinarios.

1.- O número de premios extraordinarios e a súa distribución por grandes áreas e correspondentes *subáreas* de coñecemento publicarase no prazo previsto na correspondente convocatoria de premios.

2.- Poderase inicialmente conceder cada curso académico un premio extraordinario por cada dez teses ou fracción defendidas en cada *subárea* de coñecemento.

3.- Será necesario que nunha *subárea* se defendan un mínimo de cinco teses de doutoramento para poder conceder un premio. En caso de que algunha *subárea* tivera menos de 5 teses, a EDIUS, a través da súa Comisión Executiva, agruparáa con outra segundo a súa afinidade. Neste caso, sumaranse as teses defendidas na agrupación de *subáreas* para a determinación do número de premios extraordinarios que lle correspondan.

4.- O número de premios global poderase incrementar nun número non superior ao 15% respecto dos iniciais, de xeito que cada premio adicional sexa asignado sucesivamente á *subárea* (ou agrupación de *subáreas*) que teña o menor cociente de candidaturas posibles. No caso de igualdade deste cociente darase preferencia á *subárea* con maior número de teses lidas. De persistir o empate na última asignación, poderá superarse o 15% indicado para incrementar por igual as *subáreas* con igual cociente e número de teses.

6.- Non se poderán acumular os premios que queden desertos en convocatorias anteriores.

Artigo 5. Comisións de Valoración.

1.- Nomearanse catro comisións de valoración para a concesión dos premios extraordinarios, unha por cada grande área de coñecemento mencionada no **Anexo I**.

2.- A Comisión de Valoración de cada grande área de coñecemento será a encargada de valorar os premios extraordinarios das diferentes *subáreas* temáticas encadradas nela.

3.- Cada comisión estará composta, como mínimo, por cinco membros titulares e cinco suplentes, e na que haberá polo menos un membro de cada unha das *subáreas* temáticas pertencentes á grande área de coñecemento entre as que se distribúan as teses candidatas. Os membros da comisión deberán elixirse por sorteo entre os profesores da USC que participen nun Programa de Doutoramento do Real Decreto 99/2011 encadrado na grande área de coñecemento que presenten candidatos na convocatoria correspondente, e que teñan os requisitos necesarios para estar incluídos no Rexistro de Direccións de Tese da USC. Esta designación como membro do tribunal considérase obriga profesional nos termos referidos no artigo 8 dos Estatutos da USC.

4.- O profesor/a con maior categoría e antigüidade na USC de cada Comisión de Valoración actuará como presidente, e o de menor categoría e antigüidade como secretario/a.

5.- Non poderán formar parte das Comisións de Valoración:

- a. Os titores e os directores das teses que concorran ao premio extraordinario na convocatoria correspondente.
- b. Aqueles profesores/as que incorran nas causas de abstención e recusación establecidas na lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

- 6.- As Comisións de Valoración serán propostas do seguinte xeito:
- A Comisión Sectorial en Artes e Humanidades proporá á EDIUS os membros da Comisión correspondente na grande área de Artes e Humanidades.
 - A Comisión Sectorial en Ciencias e Enxeñaría proporá á EDIUS os membros da Comisión correspondente na grande área de Ciencias e Enxeñaría.
 - A Comisión Sectorial en Ciencias da Saúde proporá á EDIUS a Comisión correspondente á grande área en Ciencias da Saúde.
 - A Comisión Sectorial en Ciencias Sociais e Xurídicas proporá á EDIUS a Comisión correspondente á grande área de Ciencias Sociais e Xurídicas.

7. A EDIUS, a proposta da Comisión Sectorial correspondente, nomeará as comisións de avaliación encargadas de realizar a valoración e proposta de concesión dos premios extraordinarios de doutoramento. O nomeamento publicarase no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC, e na páxina web da EDIUS estará dispoñible a ligazón ao devandito anuncio.

8. Os membros das comisións nomeados deberán asinar unha declaración de que cumpren cos requisitos para formar parte destas.

Artigo 6. Convocatoria.

A EDIUS, a través da Comisión Executiva, aprobará e publicará antes do 1 de decembro de cada ano a Convocatoria de Premio Extraordinario de Doutoramento, na que se incluírá:

- O curso académico ao que se refire a convocatoria a efectos de presentación de solicitudes, a listaxe de teses candidatas a premio extraordinario e o número destes premios que se poden conceder por cada unha das *subáreas*.
- O modelo de solicitude e a relación de documentos que deben achegarse.
- O lugar e o prazo de presentación das solicitudes.
- A asignación das teses de doutoramento ás *subáreas* temáticas.
- Os criterios xerais e específicos de valoración para cada grande área de coñecemento, e que son de aplicación a cada *subárea* segundo corresponda, publicados no **Anexo IV** desta Normativa.
- A composición das comisións de valoración para cada grande área de coñecemento.
- No caso de que nalgunha *subárea* temática o número de teses defendidas sexa inferior a cinco, indicación da *subárea* máis afín onde se integrarán estas teses para a súa valoración.

Artigo 7. Presentación de solicitudes e publicación das listaxes provisoria e definitiva

1.- Unha vez publicada a convocatoria, abrirase un prazo de dez días hábiles para a presentación de solicitudes. Estas deberán acompañarse da documentación xustificativa dos méritos alegados e dunha declaración responsable da veracidade destes. Só se terán en conta os méritos relacionados coa tese de doutoramento obtidos desde o inicio dos estudos de doutoramento ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente. Non será posible a variación ou actualización posterior dos méritos contidos na solicitude.

2.- A presentación de solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario pola Sede electrónica da USC dirixida á Escola de Doutoramento Internacional.

3.- Para a presentación das solicitudes empregaranse os mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na citada sede, nos termos previstos no Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación da USC (DOG núm. 167, do 31 de agosto de 2021).

4.- As consultas sobre a convocatoria ou a presentación de solicitudes dirixiranse á Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela por correo electrónico (edius@usc.gal)

5.- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a EDIUS publicará a **relación provisoria de candidatos/as presentados/as**, xunto coa asignación de grande área e *subárea* correspondentes no

Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC, e na páxina web da EDIUS estará dispoñible a ligazón ao devandito anuncio.

3.- Os solicitantes disporán dun prazo de dez días hábiles para presentar alegacións. Tras a consideración das posibles alegacións, a EDIUS publicará a **relación definitiva de candidatos/as presentados/as**. Fronte a publicación da relación definitiva de candidatos/as non caberá recurso.

Artigo 8. Avaliación das solicitudes

1.- O/a presidente/a de cada Comisión de Avaliación, no prazo de 15 días naturais desde o día seguinte ao fin do prazo de presentación de solicitudes, realizará a **convocatoria da sesión do tribunal**. As Comisións de Valoración realizarán unha puntuación provisional das teses admitidas en cada *subárea* temática que lles compete segundo os criterios recollidos na convocatoria anual, considerando exclusivamente os méritos alegados segundo o establecido no artigo 7.1, e elaborarán unha relación provisoria de concesión. Esta proposta axustarase ao número máximo de premios establecido por cada *subárea*. A Comisión de Valoración poderá propor que as mencións do premio queden desertas, total ou parcialmente.

2.- As puntuacións provisorias obtidas polos solicitantes e a **proposta provisoria de concesión dos premios extraordinarios** publicaranse no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC, e na páxina web da EDIUS estará dispoñible a ligazón ao devandito anuncio. Os interesados disporán dun prazo de 10 días hábiles para efectuar alegacións as súas puntuacións provisorias fronte ás Comisións de Valoración.

3.- As comisións de valoración, no prazo de 15 días naturais desde a data de fin do prazo de presentación das alegacións, reuniranse para valorar as alegacións recibidas, e elaborarán un informe onde recollan o acordado en relación a estas. Valoradas as alegacións, as comisións de valoración realizarán unha proposta definitiva de concesión dos premios extraordinarios.

4.- Os acordos das comisións de valoración, incluído o informe ás alegacións recibidas, xunto coa **proposta definitiva de concesión de premios extraordinarios**, publicaranse no Taboleiro Electrónico de Anuncios da USC, e na páxina web da EDIUS estará dispoñible a ligazón ao devandito anuncio. Os interesados/as entenderán contestadas as súas alegacións con esta publicación.

Artigo 9. Resolución

1.- A EDIUS, a través da Comisión Executiva, e unha vez revisada toda a documentación, elevará a proposta definitiva á Secretaría Xeral, para a súa tramitación perante o Consello de Goberno, que resolverá a convocatoria. O acordo de resolución do Consello de Goberno de concesión destes premios publicarse no Taboleiro de Anuncios Electrónico da USC e tamén na páxina web da EDIUS.

2.- Contra este acordo de resolución do Consello de Goberno, os interesados poderán presentar recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a súa publicación. Non poderá presentar recurso ningunha persoa interesada que non presentara alegacións proposta provisoria de concesión dos premios extraordinarios.

3.- O Servizo de Xestión Académica, unha vez notificado o acordo de resolución pola Secretaría Xeral da USC, será o encargado de notificar ao interesado/a a concesión definitiva do premio e de incorporalo no seu expediente, así como de tramitar, a petición do interesado/a, a devolución dos prezos públicos pagados para a expedición do título de doutor/a.

4.- A efectos de constancia e publicidade, a EDIUS disporá dun rexistro de concesión de premios extraordinarios de doutoramento.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta normativa.

Disposición transitoria

Para aqueles candidatos/as que depositaran a tese nos cursos 2020/21 e 2021/22, a solicitude de cambio de *subárea* referida no artigo 3.5 realizarase no momento de solicitude de Premio Extraordinario de xeito motivado, e será resolta pola Comisión Executiva da EDIUS.

Disposición adicional

O disposto no Artigo 6 da presente normativa será de aplicación a partir das convocatorias efectuadas para as teses defendidas no curso académico 2022/23.

Disposición final

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación oficial no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

ANEXO I

Grande Área de Coñecemento	Programa de Doutoramento
Ciencias Experimentais e Enxeñarías	1. Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento
	2. Biodiversidade e Conservación do Medio Natural
	3. Ciencia de Materiais
	4. Ciencia e Tecnoloxía Química
	5. Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión
	6. Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
	7. Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil
	8. Enxeñaría Química e Ambiental
	9. Enxeñaría Termodinámica de Fluidos
	10. Estatística e Investigación Operativa
	11. Física Nuclear e de Partículas
	12. Investigación Agraria e Forestal
	13. Investigación en Tecnoloxías da Información
	14. Láser Fotónica e Visión
	15. Matemáticas
	16. Medio Ambiente e Recursos Naturais
	17. Métodos Matemáticos en Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
	18. Xestión Sustentable da Terra e do Territorio
Ciencias da Saúde	1. Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses
	2. Avances en Microbioloxía Microbiana e Parasitaria
	3. Ciencias da Visión
	4. Ciencias Odontolóxicas
	5. Endocrinoloxía
	6. Epidemioloxía e Saúde Pública
	7. Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias
	8. Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias
	9. Investigación Clínica en Medicina
	10. Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
	11. Medicina e Sanidade Veterinaria
	12. Medicina Molecular
	13. Nanomedicina (extinguido)
	14. Neurociencia e Psicoloxía Clínica
	15. Erasmus Mundus en Nanomedicina e Innovación Farmacéutica (extinguido)
	16. Marie Sklodowska-Curie en Inhibición de Receptores de Adhesión Plaquetaria en Trombose (extinguido)
Ciencias Sociais e Xurídicas	1. Análise Económica e Extratexia Empresarial
	2. Comunicación e Información Contemporánea
	3. Dereito

	4. Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde
	5. Desenvolvemento Rexional e Integración Económica
	6. Economía e Empresa
	7. Educación
	8. Equidade e Innovación en Educación
	9. Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas
	10. Procesos Psicológicos e Comportamento Social
	11. Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense, e do Consumidor e Usuario
	12. Turismo
Artes e Humanidades	1. Estudos Culturais: Memoria, Indentidade, Territorio e Linguaxe
	2. Estudos da Literatura e da Cultura
	3. Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
	4. Estudos Medievais
	5. Filosofía
	6. Historia Contemporánea
	7. Historia, Xeografía e Historia da Arte
	8. Lingüística
	9. Lóxica e Filosofía da Ciencia
	10. Protección do Patrimonio Cultural
	11. Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia

ANEXO II

Subáreas de coñecemento

Ámbito Científico	Subárea
Ciencias Experimentais e Enxeñarías	1. Matemáticas
	2. Física
	3. Química e Tecnoloxía Química
	4. Bioloxía e Ciencias da Natureza
	5. Enxeñarías
Ciencias da Saúde	6. Ciencias da Saúde
Ciencias Sociais e Xurídicas	7. Dereito e Ciencias Políticas
	8. Ciencias da Educación e da Comunicación
	9. Economía
	10. Psicoloxía
Artes e Humanidades	11. Historia, Xeografía e Artes
	12. Filosofía, Filoloxía e Lingüística

ANEXO III

Asignación de Programas de Doutoramento a *Subáreas*

Subárea temática	Programa de Doutoramento
1. Matemáticas	Estatística e Investigación Operativa
	Matemáticas
	Métodos Matemáticos en Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
2. Física	Ciencia de Materiais
	Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
	Física Nuclear e de Partículas
	Láser Fotónica e Visión
3. Química e Tecnoloxía Química	Ciencia e Tecnoloxía Química
	Enxeñaría Química e Ambiental
4. Bioloxía e Ciencias da Natureza	Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento
	Biodiversidade e Conservación do Medio Natural
	Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión
	Investigación Agraria e Forestal
	Medio Ambiente e Recursos Naturais
	Xestión Sustentable da Terra e o Territorio
5. Enxeñarías	Investigación en Tecnoloxías da Información
	Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil
	Enxeñaría Termodinámica de Fluídos
6. Ciencias da Saúde	Avances en Microbioloxía Microbiana e Parasitaria
	Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias
	Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
	Nanomedicina (extinguido)
	Erasmus Mundus en Nanomedicina e Innovación Farmacéutica (extinguido)
	Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses
	Ciencias da Visión
	Ciencias Odontolóxicas
	Endocrinoloxía
	Epidemioloxía e Saúde Pública
	Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias
	Investigación Clínica en Medicina
	Medicina Molecular
	Medicina e Sanidade Veterinaria
	Neurociencia e Psicoloxía Clínica
	Marie Sklodowska-Curie en Inhibición de Receptores de Adhesión Plaquetaria en Trombose (extinguido)
7. Dereito e Ciencias Políticas	Dereito
	Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas
8. Ciencias da Educación e a Comunicación	Comunicación e Información Contemporánea

	Educación
	Equidade e Innovación en Educación
9. Economía	Análise Económica e Estratexia Empresarial
	Desenvolvemento Rexional e Integración Económica
	Economía e Empresa
10. Psicoloxía	Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde
	Procesos Psicológicos e Comportamento Social
	Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense, e do Consumidor e Usuario
11. Historia, Xeografía e Artes	Historia Contemporánea
	Historia, Xeografía e Historia da Arte
	Protección do Patrimonio Cultural
12. Filosofía, Filoloxía e Lingüística	Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe
	Estudos da Literatura e da Cultura
	Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
	Estudos Medievais
	Filosofía
	Lingüística
	Lóxica e Filosofía da Ciencia
	Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia

ANEXO IV

Criterios xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario

Grandes áreas: Ciencias e Enxeñarías e Ciencias da Saúde

1. A tese (máximo 20 puntos):

Puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado farase por parte da USC sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 4.

2. Os cinco (5) méritos máis relevantes da produción científica, técnica ou artística derivados da propia tese achegados polos solicitantes (máximo 50 puntos):

- a. *Artigos en revistas*. Valoraranse preferentemente artigos publicados en revistas de recoñecida valía internacional e nacional, especialmente as que ocupen posicións relevantes en índices de referencia na súa categoría/área de coñecemento segundo o establecido no documento de Criterios específicos de avaliación da CNEAI (BOE de 01/01/2022) e nas orientacións adicionais para o seu desenvolvemento, nas que se recollen as directrices para a súa aplicación. Terase en conta tamén a relevancia da aportación na área de coñecemento que corresponda e a contribución do/a doutorando/a á publicación segundo a declaración explícita recollida naquela (ou en documento anexo achegado a posteriori, de ser o caso):

- i. Publicación no primeiro tercil (T1): entre 7 e 15 puntos.
- ii. Publicación no segundo tercil (T2): entre 4 e 6 puntos.
- iii. Publicación no terceiro tercil (T3): entre 1 e 3 puntos.

Para o cálculo do tercil terase en conta o *JCR Science Edition* do ano da publicación do artigo. Os artigos en revistas non indexadas e con difusión internacional puntuarán 0.5 puntos, e se a difusión é nacional 0.25 puntos.

- b. *Libros e capítulos de libros*. Deberán contar con ISBN e na avaliación terase en conta o prestixio da editorial, o seu proceso de selección e a avaliación dos manuscritos. Só se terán en conta neste apartado os libros completos e capítulos de libros directamente relacionados coa temática da tese de doutoramento. En todo caso, para ter a consideración de capítulo de libro o documento deberá ter unha extensión mínima de 15 páxinas.

- i. Libro completo en editorial de recoñecido prestixio de ámbito internacional: entre 9 e 12 puntos.
- ii. Libro completo en editorial de recoñecido prestixio de ámbito nacional: entre 5 e 8 puntos.
- iii. Capítulo de libro de recoñecido prestixio de ámbito internacional: entre 5 e 8 puntos.
- iv. Capítulo de libro de recoñecido prestixio de ámbito nacional: entre 1 e 3 puntos.

- c. *Comunicacións e contribucións presentadas en congresos, conferencias, seminarios e outro tipo de reunións de relevancia científica*. Terase en conta o carácter internacional ou nacional do congreso e o tipo de participación.

- i. Ponencias e conferencias plenarias por invitación en conferencias internacionais: 5 puntos.
- ii. Ponencias e conferencias plenarias por invitación en conferencias nacionais: 2 puntos.
- iii. Comunicación oral en congreso internacional: 1,5 puntos (autor que faga a presentación).
- iv. Comunicación póster en congreso internacional: 0,75 puntos (primeiro autor ou autor correspondente).
- v. Comunicación oral en congreso nacional: 1,0 punto (autor que faga a presentación).

- vi. Comunicación póster en congreso nacional: 0,5 puntos (primeiro autor ou autor correspondente).
 - vii. Cando a contribución presentada sexa publicada na forma de proceeding cunha extensión superior ás 5 páxinas en actas que sexan vehículos de difusión do coñecemento comparables ás revistas incluídas no *JCR Science Edition* -como, por exemplo, as listaxes en posición relevantes do índice *Computing Research on Education*, *CORE*, o *Índice da Sociedade Informática de España*, *SCIE*, ou de similar entidade, esta contribución valorarase como un artigo JCR do T2 ou T3 en función de aspectos como o lugar que ocupa a contribución nos devanditos índices.
- d. *Patentes e rexistros de programas*. No caso das patentes, valorarase se están en explotación demostrada mediante contrato de compravenda ou contrato de licenza. De non ser o caso, só se valorarán se a concesión se levou a cabo con exame previo (tipo B2). Terase en conta a extensión da patente (nacional ou internacional), valorándose máis a de extensión máis extensa.
- i. En explotación con extensión internacional: entre 15 e 25 puntos.
 - ii. En explotación con extensión nacional: entre 10 e 15 puntos.
 - iii. Concedida pero non en explotación con extensión internacional (só tipo B2): entre 5 e 10 puntos.
 - iv. Concedida pero non en explotación con extensión nacional (só tipo B2): entre 3 e 6 puntos.
 - v. Admitida a trámite con extensión internacional (só tipo B2): entre 2 e 4 puntos.
 - vi. Admitida a trámite con extensión nacional (só tipo B2): entre 1 e 2 puntos.

No caso dos rexistros de software, se están en explotación se lles outorgarán 15 puntos; para os que non estean en explotación, 3 puntos.

Ás puntuacións individuais anteriores dos apartados 2a, 2b, 2c e 2d se lles poderá aplicar un factor de corrección segundo o número de autores total da contribución e a aportación concreta do/a doutorando/a:

- < 11 autores: 1.00
- de 11 a 20 autores: 0.75
- de 21 a 40 autores: 0.5
- > 40 autores: 0.25

En caso de que algún candidato supere os 50 puntos neste apartado, daránselle os 50 puntos a puntuación farase de acordo á fórmula:

$$P_f = 50 \times \frac{P}{P_m}$$

sendo P_f a puntuación final do candidato, P a puntuación do candidato sen corrixir, e P_m a puntuación obtida polo candidato con maior puntuación sen corrixir.

3. Outros méritos relacionados coa tese de doutoramento (máximo 30 puntos). (Máximo catro (4) méritos, indicado na convocatoria).

- a. Mención Europea/Internacional. 10 puntos.
- b. Mención Doutoramento Industrial: 10 puntos
- c. Tese en Cotutela: 15 puntos
- d. Grao de innovación da tese:
 - i. Se a tese se desenvolveu no marco dun contrato de transferencia cunha empresa ou dun convenio cunha institución non académica, e que non conduce á obtención dun doutoramento industrial: Ata 5 puntos.
 - ii. Se a tese deu lugar á creación dunha empresa de base tecnolóxica: Ata 15 puntos.
 - iii. Se a tese incorpora aspectos teórico-metodolóxicos que supoñan unha innovación na área de coñecemento e previo informe razoado do/a doutorando/a ratificado pola Comisión Académica do programa de doutoramento (ata 5 puntos).
 - iv. Outros: Ata 10 puntos.

- e. Produtos con rexistro de propiedade intelectual, ou que representen transferencia de coñecemento (publicacións e materiais de divulgación científica, produtos audiovisuais...). Ata 10 puntos.
- f. Premios concedidos por entidades de recoñecido prestixio: Os premios Internacionais valoraranse ata 15 puntos e os premios nacionais valoraranse ata 10 puntos.
- g. Mobilidades (exclúense os 3 meses mínimos necesarios para a obtención da mención internacional; nas teses en cotutela non se considerarán as estadias adicionais (máis dos 6 meses) realizadas nas universidades asinantes do convenio de cotutela: 1 punto/mes, ata un máximo de 10 puntos. O que se deberá xustificar documentalmente aportando todos os certificados de estadia.
- h. Redacción da tese de doutoramento na lingua galega: ata 5 puntos.

En caso de que algún candidato supere os 50 puntos neste apartado, daránselle os 50 puntos a puntuación farase de acordo á fórmula:

$$P_f = 30 \times \frac{P}{P_m}$$

Sendo P_f a puntuación final do candidato, P a puntuación do candidato sen corrixir, e P_m a puntuación obtida polo candidato con maior puntuación sen corrixir.

Grandes áreas de: Ciencias Sociais e Xurídicas e Artes e Humanidades

1. A tese (máximo 20 puntos):

Puntuación para o premio extraordinario recollida nos informes confidenciais dos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado, ata un máximo de 20 puntos, farase por parte da USC sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 4.

2. Os cinco (5) méritos máis relevantes da produción científica técnica ou artística derivados da propia tese achegados polos solicitantes (máximo 50 puntos):

a. Artigos en revistas

Valoraranse preferentemente artigos publicados en revistas de recoñecida valía internacional e nacional, especialmente as que ocupen posicións relevantes en índices de referencia na súa categoría/área de coñecemento segundo o establecido no documento de Criterios específicos de avaliación da CNEAI (BOE de 01/01/2022) e nas orientacións adicionais para o seu desenvolvemento, nas que se recollen as directrices para a súa aplicación. Terase en conta tamén a relevancia da aportación na área que corresponda e a contribución do/a doutorando/a á publicación segundo a declaración explícita recollida naquela (ou en documento anexo achegado a posteriori, de ser o caso).

Para que os artigos sexan considerados, a solicitude deberá incluír unha declaración responsable do solicitante indicando a correspondencia entre cada artigo cos contidos da tese (esta declaración irá no mesmo documento do artigo).

- i. Publicacións en revistas indexadas: ata un máximo de 10 puntos por cada aportación (primeiro autor ou autor correspondente) e 7 puntos (resto). A valoración por artigo terá en conta a indexación da revista segundo os criterios da CNEAI correspondentes a cada área de coñecemento (índice de impacto, posición da revista en relación coas da súa área e categoría, etc).
- ii. Publicacións en revistas non indexadas: ata un máximo de 1 punto cada aportación (primeiro autor ou autor correspondente) e 0.5 puntos (resto).

b. Libros con ISBN publicados:

i. En editoriais indexadas relevantes para a área de coñecemento:

- i.1 Autoría: ata un máximo de 20 puntos cada aportación (primeiro autor ou autor correspondente); ata un máximo de 15 puntos (resto)

i.2 Edición: ata un máximo de 7,5 puntos cada aportación
ii. *En editoriais non indexadas no Scholarly Publishing Indicators (SPI) relevantes para a área de coñecemento:*

i.1 Autoría: ata un máximo de 2 puntos cada aportación (primeiro autor ou autor correspondente); ata un máximo de 0.5 puntos (resto).

i.2 Edición: ata un máximo de 1 puntos cada aportación

c. *Capítulos de libros:*

i. Capítulos en libros con ISBN publicados en editoriais indexadas relevantes para a área: ata un máximo de 10 puntos cada aportación (primeiro autor ou autor correspondente); ata un máximo de 7 puntos (resto)

ii. Capítulos en libros con ISBN publicados en editoriais non indexadas en SPI relevantes para a área de coñecemento: ata un máximo de 0.5 puntos cada aportación (primeiro autor ou autor correspondente); ata un máximo de 0,25 puntos (resto)..

A Comisión de Valoración avaliará cada aportación presentada nos apartados 2b e 2c atendendo a súa relevancia na área a que corresponde e tendo en conta o número de autores do traballo, así como a súa posición en índices de referencia segundo o establecido no documento Criterios específicos de avaliación da CNEAI (BOE de 01/01/2022). A suma da valoración dos capítulos publicados nunha mesma obra non pode superar os 15 puntos.

d. *Aportacións a congresos, seminarios e outro tipo de reunións de relevancia científica e recoñecida traxectoria.*

i. Ponencias e conferencias plenarias por invitación internacionais: ata un máximo de 5 puntos cada aportación.

ii. Ponencias e conferencias plenarias por invitación nacionais: ata un máximo de 1 punto cada aportación.

iii. Comunicación oral en congreso internacional: ata 1.5 puntos (autor que faga a presentación).

iv. Comunicación póster en congreso internacional: ata 0.75 puntos (primeiro autor ou autor correspondente).

v. Comunicación oral en congreso nacional: 0.5 puntos (autor que faga a presentación).

vi. Comunicación póster en congreso nacional: ata 0.15 puntos (primeiro autor ou autor correspondente).

Enténdese por congreso ou xuntanza internacional aquela que reúna algún dos seguintes requisitos:

(a) Que a súa organización corra a cargo dun organismo ou asociación de ámbito internacional.

(b) Que o congreso conte cun Comité Científico composto por membros pertencentes a institucións de tres ou máis países.

e. *Patentes e rexistros de programas*

No caso das patentes, valorarase se están en explotación demostrada mediante contrato de compravenda ou contrato de licenza. De non ser o caso, só se valorarán se a concesión se levou a cabo con exame previo (tipo B2). Terase en conta a extensión da patente (nacional ou internacional), valorándose máis a de extensión máis extensa.

i. En explotación con extensión internacional: entre 10 e 20 puntos.

ii. En explotación con extensión nacional: entre 7 e 12.5 puntos.

iii. Concedida pero non en explotación con extensión internacional (só tipo B2): entre 4 e 7.5 puntos.

iv. Concedida pero non en explotación con extensión nacional (só tipo B2): entre 2 e 4 puntos.

v. Admitida a trámite con extensión internacional (só tipo B2): entre 1 e 2 puntos.

vi. Admitida a trámite con extensión nacional (só tipo B2): entre 0.5 e 1 punto.

No caso dos rexistros de software, se están en explotación se lles outorgarán 12.5 puntos; para os que non estean en explotación, 1.5 puntos.

As puntuacións individuais anteriores dos apartados 2a, 2b, 2c e 2d se lles poderá aplicar un factor de corrección segundo o número de autores total da contribución e a aportación concreta do/a doutorando/a:

- De 1 a 4 autores: 1.00
- De 5 a 8 autores: 0.75
- De 8 a 12 autores: 0.5
- Máis de 12 autores: 0.25

En caso de que algún candidato supere os 50 puntos neste apartado, daránselle os 50 puntos a puntuación farase de acordo á fórmula:

$$P_f = 50 \times \frac{P}{P_m}$$

sendo P_f a puntuación final do candidato, P a puntuación do candidato sen corrixir, e P_m a puntuación obtida polo candidato con maior puntuación sen corrixir.

3. Outros méritos relacionados coa tese de doutoramento (máximo 30 puntos). (Máximo catro (4) méritos, indicado na convocatoria).

- a. Mención Europea/Internacional. 10 puntos.
- b. Mención Doutoramento Industrial: 10 puntos
- c. Tese en Cotutela: 15 puntos
- d. Grao de innovación da tese:
 - i. Se a tese se desenvolveu no marco dun contrato de transferencia cunha empresa ou dun convenio cunha institución non académica, e que non conduce á obtención dun doutoramento industrial: Ata 5 puntos.
 - ii. Se a tese deu lugar á creación dunha empresa: Ata 15 puntos.
 - iii. Se a tese incorpora aspectos teórico-metodolóxicos que supoñan unha innovación na área de coñecemento e previo informe razoado do/a doutorando/a ratificado pola Comisión Académica do programa de doutoramento (ata 5 puntos).
 - iv. Outros: Ata 10 puntos.
- e. Produtos con rexistro de propiedade intelectual, ou que representen transferencia de coñecemento (obras artísticas, publicación ou actividades de divulgación científica, exposicións, produtos audiovisuais...). Ata 10 puntos.
- f. Premios concedidos por entidades de recoñecido prestixio: Os premios internacionais valoraranse ata 15 puntos e os premios nacionais valoraranse ata 10 puntos.
- g. Mobilidades (exclúense os 3 meses mínimos necesarios para a obtención da mención internacional; nas teses en cotutela non se considerarán as estadías adicionais (máis dos 6 meses) realizadas nas universidades asinantes do convenio de cotutela: 1 punto/mes, ata un máximo de 10 puntos. O que se deberá xustificar documentalmente aportando todos os certificados de estadía.
- h. Redacción da tese de doutoramento na lingua galega: ata 5 puntos

En caso de que algún candidato supere os 50 puntos neste apartado, daránselle os 50 puntos a puntuación farase de acordo á fórmula:

$$P_f = 30 \times \frac{P}{P_m}$$

Sendo P_f a puntuación final do candidato, P a puntuación do candidato sen corrixir, e P_m a puntuación obtida polo candidato con maior puntuación sen corrixir.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/10/2022 13:12:39.

CSV: 6443-B98C-4C76-A284